

## 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Queridas familias:

Agardo que todo continúe ben no voso entorno e que vos esteades a adaptar a esta situación o mellor posible. Para esta semana pásovos unha listaxe de actividades ben de reforzo, ben para rematar algúns contidos que nos quedaron por traballar no segundo trimestre, mais antes quero facer unhas aclaracións con respecto ás materias de Lingua Galega e Lingua Castelá. Determinados aspectos das linguas repítense nos libros (sobre todo no que respecta a gramática, vocabulario e ortografía), por iso fixen unha maior selección de actividades nestas dúas materias. En canto ás lecturas que hai ao comezo de cada unidade, propoño que sexan opcionais sempre e cando os vosos fillos e fillas teñan libros na casa e estean dedicando un tempo diario á lectura de placer tanto silenciosa como en voz alta (algo que dou por suposto). De non ser así, recomendo facer as referidas lecturas comprensivas e as correspondentes actividades de xeito oral.

Por outra banda, quería comentarvos que estou actualizando permanentemente o Symbaloo do Blog de 3º e 4º, ao que podedes acceder a través da páxina do centro (na columna da dereita) ou ben a través desta ligazón: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgandarasofan/node/1494>

Finalmente, pásovos os enlaces aos libros online que nos facilitaron as editoriais de cara ao 3º trimestre por se podedes ir explorándoos, mais non os precisarían ata a próxima semana. É importante que entredes nas distintas ligazóns para comprobar que os nenos e nenas poderían traballar a partir de agora con estes materiais. De non ser así, debedes poñervos en contacto comigo para comunicarmo e buscar unha alternativa. Faltarían os de inglés, pois a día de hoxe aínda non estaban dispoñibles.

### LIGAZÓNS A LIBROS ONLINE

#### Matemáticas e Lingua Galega

1. Entrar en: <https://edelvivesdigital.com/>

2. Poñer os seguintes datos:

- Usuario: **primaria3@agandara.es**
- Contraseña: **edelvives**

3. Pinchar no libro correspondente e clicar en “versión común” (se aparece esta opción).

Xa estades no voso libro dixital. Nota: Non podedes variar nin o usuario nin o contraseña.

#### Lengua Castellana

[https://prod.santillana.com/launcher\\_books/books.html?book=202023233\\_U32\\_U1\\_U101\\_U2](https://prod.santillana.com/launcher_books/books.html?book=202023233_U32_U1_U101_U2)

#### Ciencias Sociais

<http://pdi.vicensvives.com/pdi/sociais3/program/index.html#/lb>

#### Ciencias Naturais

<http://pdi.vicensvives.com/pdi/naturais3ne/program/index.html#/lb>

Déixovos entón, como en anteriores ocasións, a listaxe de tarefas para a semana do 14 ao 17 de abril; colgarei as solucións ao rematar a semana. Coma sempre, sigo dispoñible para calquera dúbida/comentario no seguinte enderezo electrónico do centro: [prensasofan@gmail.com](mailto:prensasofan@gmail.com) (lembrade escribir en **Asunto** “Para Mariña”, pois é un enderezo que podemos usar todo o profesorado).

## LISTAXE DE TAREFAS PARA REALIZAR DO 14 AO 17 DE ABRIL


### 1. Matemáticas.

**Vídeos. Visualizarlos antes de comenzar con los ejercicios del libro.**

- Unidades de medida (repaso del tema 7): <https://www.youtube.com/watch?v=QHsyCHdDoNI>
- Unidades de capacidad: <https://www.youtube.com/watch?v=pn3NM16on48>
- Unidades de masa: [https://www.youtube.com/watch?v=BwW\\_mC8Xj3U](https://www.youtube.com/watch?v=BwW_mC8Xj3U)

**Libro.**

- Páxina 128: leer y copiar la siguiente escalera (similar a la de las medidas de longitud).  
Hacer ejercicios 1 a 3.



- Páxina 129: ejercicios 5 a 9.
- Páxina 130: ejercicios 1 a 3.
- Páxina 131: ejercicios 4 a 7 por escrito, 8 oral.
- Páxina 132: ejercicios 1 a 4.
- Páxina 133: ejercicios 5, 8, 9, 10 y 11.
- Páxina 134: ejercicios 1 a 3.
- Páxina 135: ejercicios 4 a 7.

### 2. Lingua Galega.

**Libro (se algún alumno non ten o caderno, que escriba en calquera outro papel).**

- Páxina 140: ler e copiar o cadro azul.
- Páxina 141: exercicios 2 e 3.
- Páxina 142: copiar o cadro azul e facer o exercicio 5.
- Páxina 143: exercicio 12.
- Páxinas 144 e 145: só ler.
- Páxina 146: exercicios 2 a 8.
- Páxina 147: exercicios 1, 2, 4, 5 e 6.

### 3. Lingua Castelá.

**Libro.**

- Páxina 136: leer.
- Páxina 137: ejercicios 5 a 7 y copiar recuadro amarillo.

- Páxina 138: copiar recuadro amarillo y hacer exercicio 5.
- Páxina 139: exercicio 9, dictado “Patinaje sobre hieo”.
- Páxina 141: exercicio 1 oral y 2 a 4 escritos (pasar a limpio en un folio en branco).
- Páxina 145: exercicios 1, 2, 3, 4, 5, 6 y 8.

#### 4. Ciencias Sociais.

##### Libro: Unidade 6.

Como o tema da convivencia en sociedade xa o traballamos de xeito transversal ao longo de todo o curso, a modo de reforzo chega con que lean as distintas páxinas do tema e que copien o esquema da páxina 94, ampliando brevemente o apartado de “sinais de tráfico” (seguindo a información das páxinas 92 e 93).

#### 5. Ciencias Naturais.

Poden entrar na unidade 4 do libro dixital e botar un ollo aos seus contidos, actividades... como repaso:

<http://pdi.vicensvives.com/pdi/naturais3ne/program/index.html#/lb>

Parte destes contidos xa os traballaron cos vídeos que enviei no anterior bloque de tarefas.

Moitas grazas de novo e apertas renovadas.

Mariña García San León

Titora de 3º de Educación Primaria